

DIAS EXTRANHOS- BLOGALIZA de Martin Pawley

I don't mind a reasonable amount of trouble

A verdade como mal menor: Mentiras arriscadas

Tralos premios outorgados nas súas dúas primeiras edicións ás novelas de Miguel Sande e Anxos Sumai o Repsol YPF de Narrativa deu en 2008 un inesperado xiro ao destacar como mellor obra entre as presentadas unha de Xosé Luís Martínez Pereiro que desafia calquera esforzo de clasificación. *A verdade como mal menor* é unha compilación de corenta e cinco textos breves aos que case resulta difícil chamar relatos; un dos membros do xuri, Anzo Tarrío, dixo que encaixaba “no xénero clásico da facecia”, cultismo que cadra ben coa erudición retranqueira que segundo a presentación editorial caracteriza o volume e que quizá explique a presenza de frases enteiras en francés (páxinas 32, 33 ou 41) e italiano (páxinas 45 e 46) sen a correspondente tradución ao noso idioma. Martínez Pereiro calificouno en A Nosa Terra de “divertimento” para logo advertir que el escribe “para pasalo ben” e “compartir eses bos momentos cos que me queiran ler”. A declaración revela a esixencia dun lector cómplice disposto a aceptar o enredo literario que o escritor propón, complicidade que é condición necesaria mais non suficiente para poñer en valor o libro e experimentar satisfacción coa súa lectura.

De duración variábel e apenas ligadas entre si, as pezas que compoñen *A verdade como mal menor* camiñan entre a reflexión de matices paródicos e esperpénticos e a chiscadela cultureta, alimentada por infinidade de referencias nalgúns casos documentadas e noutros nacidas da imaxinación do autor, un exercicio que en mans de grandes escritores -por exemplo, Cunqueiro ou Vila-Matas- leva producido magníficos resultados. Personaxes históricos como San Agustín de Hipona e a raíña Marie-Antoinette desfilan por unha obra que cita ademais moitos intelectuais contemporáneos, nomeadamente franceses, caso de Georges Bataille ou Alphonse Boudard, introducidos dentro do xogo creativo con intencións moitas veces desmitificadoras. Martínez Pereiro reconece o seu gusto por humanizar os personaxes a forza de recordarnos que cometían erros e tiñan vida sexual. “Nietzsche non só filosofaba, tamén comía e tiña fantasías eróticas”, contaba hai unhas semanas nunha entrevista, e de feito é Nietzsche unha das vítimas da pulsión burlesca do escritor coruñés, que afirma do alemán que “igual non se masturbaba, pero está fóra de toda dúbida que (...) facía pallas mentais”, no que debe ser un exemplo da “fina ironía” que anuncia a contracapa. O sexo está moi presente de principio a fin e así iremos tendo noticia dos 758 amantes que tivo Pauline Bonaparte, a irmá pequena e favorita de Napoleón; do tamaño do membro viril de Louis XIV “Le Grand” e dos preservativos de intestino de ovella “que lle provocaban reacción” porque “os lavaba para dárenlles varios usos”, ou da excitación do psicólogo Havelock Ellis cando vía mexar a unha muller. O libro disque está cheo de desinhibición, atrevido erotismo e humor, mais eu non fun capaz de atopar nada diso por ningures. “Dun tempo a esta parte é moi doado dicir conachadas en literatura”, asegura o autor nas páxinas finais; con iso, pola contra, si que estou completamente de acordo.

(Publicado en PROTEXTA, Suplemento de libros da revista TEMPOS NOVOS, nº 9, inverno 2009)